



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS. SERVIZO DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA

Anuncio

EDICTO NOTIFICACION COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO.

De conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notifícase colectivamente a liquidación dos tributos e concellos que se citan:

Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, exercicio de 2025

- ABADIN, ALFOZ, ANTAS DE ULLA, BALEIRA, BARALLA, BARREIROS, BECERREÁ, BEGONTE, BÓVEDA, BURELA, CARBALLED, CASTRO DE REI, CASTROVERDE, CERVANTES, CERVO, O CORGO, COSPEITO, CHANTADA, FOLGOSO DO COUREL, A FONSAGRADA, FOZ, FRIOL, GUITIRIZ, GUNTÍN, O INCIO, LÁNCARA, LOURENZÁ, MEIRA, MONDOÑEDO, MONTERROSO, MURAS, NAVIA DE SUARNA, NEGUEIRA DE MUÑIZ, AS NOGAIS, OUROL, PALAS DE REI, PANTÓN, PARADELA, O PÁRAMO, A PASTORIZA, PEDRAFITA DO CEBREIRO, A POBRA DE BROLLÓN, POL, A PONTENOVA, PORTOMARIN, QUIROGA, RÁBADE, RIBADEO, RIBAS DE SIL, RIBEIRA DE PIQUÍN, RIOTORTO, SAMOS, SARRIA, O SAVIÑAO, SOBER, TABOADA, TRABADA, TRIACASTELA, O VALADOURO, O VICEDO, VILALBA, XERMADE e XOVE.

Os Padróns poderán ser consultados polos interesados na Deputación Provincial de Lugo/ Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria (Ronda Muralla, núm. 140- Pavillón 1- CP 27004- Lugo) e no Concello correspondente, durante o prazo de QUINCE DIAS contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As liquidacións obxecto de notificación colectiva teñen carácter provisional segundo o disposto no art. 101.4 da Lei Xeral Tributaria e, en contra destas, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello, no prazo DUN MES, a contar dende o día seguinte da finalización do prazo de exposición. Poderase exercer, non obstante, calquera outro recurso que se considere procedente. Todo iso, en virtude co establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais.

Lugo, 28 de marzo de 2025.- O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 15-03-2024, A DEPUTADA PROVINCIAL, M^a del Carmen López Moreno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Recadacion en período voluntario de débedas tributarias de vencemento periódico.

De conformidade co establecido nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación, aprobado por Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, comunícase que o prazo de ingreso en período voluntario do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, exercicio de 2025, relacionados abaixo, empezará a contar o 15/04/2025 e finalizará o día 16/06/2025, ambos os dous incluídos.

Relación de tributos e concellos:

Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica:-

ABADIN, ALFOZ, ANTAS DE ULLA, BALEIRA, BARALLA, BARREIROS, BECERREÁ, BEGONTE, BÓVEDA, BURELA, CARBALLED, CASTRO DE REI, CASTROVERDE, CERVANTES, CERVO, O CORGO, COSPEITO, CHANTADA, FOLGOSO DO COUREL, A FONSAGRADA, FOZ, FRIOL, GUITIRIZ, GUNTÍN, O INCIO, LÁNCARA, LOURENZÁ, MEIRA, MONDOÑEDO, MONTERROSO, MURAS, NAVIA DE SUARNA, NEGUEIRA DE MUÑIZ, AS NOGAIS, OUROL, PALAS DE REI, PANTÓN, PARADELA, O PÁRAMO, A PASTORIZA, PEDRAFITA DO CEBREIRO, A POBRA DE BROLLÓN, POL, A PONTENOVA, PORTOMARIN, QUIROGA, RÁBADE, RIBADEO, RIBAS DE SIL, RIBEIRA DE PIQUÍN, RIOTORTO, SAMOS, SARRIA, O SAVIÑAO, SOBER, TABOADA, TRABADA, TRIACASTELA, O VALADOURO, O VICEDO, VILALBA, XERMADE e XOVE.

O ingreso das débedas realizarase en calquera oficina da Entidade ABANCA, "La Caixa" - Caixabank SA, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S. A. (BBVA) e Banco Sabadell S.A., e Caixa Rural Galega S.C.C.L.G en días

laborables, de luns a venres, de 08:30 a 14:00 h, na que se presentará o documento de ingreso que se envía, por correo, aos domicilios dos contribuíntes. As persoas que non reciban ou extravíen o documento de ingreso, poderán solicitar un novo na oficina da entidade bancaria e realizarán, igualmente, o pagamento. O ingreso poderá realizarse por calquera canle habilitada en horario ampliado (caixeiros automáticos, internet, banca electrónica).

Tamén pode realizarse o pago na Sede Electrónica da Deputación, Portal do Contribuínte, por delegación do seu Concello, que é o que envía o Padrón para o cobro. Ou mediante xiro postal dende calquera oficina de Correos (Sociedad Estatal Correos y Telégrafos).

O pagamento dos citados tributos poderase domiciliar, para anos sucesivos, en caixas de aforros, bancos e demais entidades financeiras. Para este trámite será necesario cubrir o impreso de domiciliación que acompaña ao documento cobratorio e remitilo ao Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, ou ben entregalo en calquera das entidades citadas, cando a domiciliación se refira a unha conta aberta nas mesmas.

Infórmase tamén que, transcurrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas faranse efectivas pola vía de construximento e serán esixibles as recargas do período executivo e os xuros de mora correspondentes, tal como estipulan os artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, do dezasete de decembro, xeral tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

Lugo, 28 de marzo de 2025.- O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 15-03-2024, A DEPUTADA PROVINCIAL, M^a del Carmen López Moreno.

R. 0877

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DO 11 DE ABRIL DE 2025 RELATIVO Á CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NO ANEXO II INCLUÍDO NAS BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL DE “PERSOAL DE APOIO Á COORDINACIÓN DE PROXECTO”, QUE PRESTARÁN SERVIZOS EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL VINCULADOS/AS AO PROGRAMA EUROPEO: “RETO RURAL DIGITAL”, PARA PROXECTOS DE CAPACITACIÓN DIXITAL NO MEDIO RURAL, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, PROXECTO: “Y PARA DIGITALIZARSE LUGO”.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 11 de abril de 2025 adoptou, entre outros, o seguinte acordo que se reproduce de xeito literal:

“Por acordo da Xunta de Goberno de data 21.03.2025, apróbase a convocatoria e as bases que rexerán o procedemento selectivo para a elaboración dunha listaxe de emprego para prestar servizos laborais temporais na Deputación Provincial de Lugo como “Persoal de apoio á coordinación de proxecto”, grupo C - subgrupo C1, vinculada ao Programa Europeo: “RETO RURAL DIGITAL”, para proxectos de capacitación dixital no medio Rural, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (inversión C19.I1. Competencias dixitais transversais, do compoñente 19, Plan Nacional de Capacidades Dixitais (digital skills)), proxecto: “Y PARA DIGITALIZARSE LUGO”, cuxo sistema de selección sexa o concurso.

Producíndose erro material no punto 2 do Anexo II – Baremo de Méritos, titulacións académicas oficiais e máster universitario propio, no relativo á titulación académica esixida, e considerando o establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que textualmente di: “As Administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais de feito o aritméticos, existentes nos seus actos”, propónse á Xunta de Goberno que proceda a súa corrección do seguinte xeito:

1º.- Onde textualmente di:

“2. TITULACIÓNS ACADÉMICAS OFICIAIS E MÁSTER UNIVERSITARIO PROPIO. A puntuación máxima deste apartado é de 5 puntos.

Titulación académica esixida: titulación da rama social e xurídica, con preferencia Grao en Ciencias Empresariais, Grao en Relacións laborais e Recursos Humanos, Grao en Administración e dirección de empresas ou similar.”

2º.- Debe dicir:

“2. TITULACIÓNS ACADÉMICAS OFICIAIS E MÁSTER UNIVERSITARIO PROPIO. A puntuación máxima deste apartado é de 5 puntos.

Titulación académica esixida: Bacharelato, Técnico/a (FP Medio), FP II Grao ou equivalente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita."

Contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición, diante da Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación deste acordo no BOP ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da citada publicación, sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

Lugo, 14 de abril de 2025.- O SECRETARIO XERAL, P.S, a secretaria-interventora do Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos, Montserrat Conde López.

R. 1009

SECCIÓN DE ACTAS E GOBERNO

Anuncio

Resolución da Presidencia da Excm. Deputación Provincial de Lugo, de data 7 de abril de 2025, sobre cesamento de Deputado delegado, que textualmente di o seguinte:

"De conformidade co disposto no art. 34.2 e 35.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local en relación co art. 72 do Regulamento Orgánico desta Excm. Deputación de Lugo; 63.3, 64 e 65 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, **RESOLVO:**

Primeiro.- Cesar a don Miguel Fernández Méndez a delegación executiva na Área de Xestión Territorial en materias de Vías e Obras, efectuada por Resolución desta Presidencia de data 30 de xaneiro de 2024.

Segundo.- As competencias propias da citada delegación serán asumidas polo Sr. Presidente.

Déase conta do presente Decreto ao Pleno da Corporación, notifíquese ao interesado, e procédase a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia".

O que se fai público para os oportunos efectos.

Lugo, nove de abril de dous mil vinte e cinco.- O PRESIDENTE, José Tomé Roca. O SECRETARIO, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0988

CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía, de 08/04/2025, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de febreiro do 2025 do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 13/06/2025. Para o cobro dos mesmos,

os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 8 de abril de 2025.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 0989

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía de data 08/04/2025, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de marzo de 2025 da taxa pola prestación do servizo de Gardería Infantil.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 13/06/2025. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 8 de abril de 2025.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 0990

CHANTADA

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía do 09/04/2025 aprobaronse as bases do proceso selectivo para a cobertura dun posto de traballador / traballadora social, persoal laboral fixo mediante concurso-oposición, e creación dunha bolsa de emprego para substitucións., incluídos na oferta de emprego público do ano 2024 publicada no BOP de Lugo nº 164 do 16/07/2024 e no Doga nº 150 do 05/08/202483 , seguintes:

BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DUN POSTO DE TRABALLADOR / TRABALLADORA SOCIAL, PERSOAL LABORAL FIXO MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, E CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA SUBSTITUCIÓN.

1. OBXECTO DAS BASES.

As presentes bases teñen por obxecto establecer as normas e procedemento para a cobertura mediante persoal laboral fixo, dunha praza de traballador – traballadora social, que figura como vacante no cadro de persoal laboral do Concello de Chantada e ten sido obxecto de inclusión para a quenda libre, na súa oferta de emprego público do ano 2024. Tamén serán obxecto das bases a constitución dunha bolsa de emprego para persoal laboral temporal coa finalidade da substitución dos traballadores e traballadoras sociais do Concello de Chantada.

O sistema selectivo empregado será o concurso-oposición, que se desenvolverá con arranxo ao previsto nas presentes bases .

2. NORMAS DE APLICACIÓN.

As presentes probas selectivas seralles de aplicación as bases da convocatoria o Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, do Estatuto Básico do Empregado Público, a Lei 30/84, do 2 de agosto, a Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, o Texto Refundido de Réxime Local, e o R.D. 896/91, do 7 de Xuño.

3.- COMETIDO FUNCIONAL

Detección, coñecemento e valoración das necesidades sociais e recursos existentes do municipio, a través da observación, atención da demanda e a investigación. Planificación e programación dos recursos e servizos necesarios para atender os problemas e necesidades detectados.

Avaliación de problemas e derivación para a atención dos mesmos cara os distintos servizos existentes cando así o requira o caso.

Promoción do desenvolvemento local a través de información e orientación individual e colectiva, así como apoio ós grupos portadores de iniciativas.

Axuda a integración de individuos, familias e grupos que o precisen, favorecendo solucións de reinserción social, evitando situacións de marxinación e/ou exclusión social. Información, asesoramento, orientación e intervención técnica para resolución das situacións de necesidade e conflito a nivel individual e colectivo.

Xestión e tramitación administrativa de recursos e prestacións.

Tramitación de programas financiados pola Xunta e Deputación. Supervisión do servizo de axuda ao fogar, escola infantil municipal ou calquera outro servizo de carácter social do Concello.

Colaboración en actividades que permitan a conciliación laboral e a integración social. Aquelas outras correspondentes a outros postos similares en caso de sustitución.

Calquera outra relacionada co posto que lle encomende o seu superior xerárquico.

4.- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

Para participar no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir, antes de que termine o último día de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española ou calquera outra regulada no artigo 57 do RDL 5/2015, do 30 de outubro do Texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Estar en posesión da titulación de Grao en Traballo Social, ou título equivalente. En caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberase presentar a titulación e o documento acreditativo da homologación oficial do mesmo e no seu caso, tradución xurada. No caso de equivalencia, a mesma deberá de ser recoñecida como tal pola Administración competente en cada caso concreto e debidamente acreditada no tal sentido polo/a aspirante, debendo citar a disposición legal en que se recoñeza tal equivalencia ou, no seu caso, portar certificación do órgano competente en tal sentido.

d) Celga 4 ou equivalente.

e) Non padecer limitación física ou enfermidade algunha que impida o desempeño das funcións correspondentes ao posto.

f) Non ser separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo ao Estado, Comunidades Autónomas ou Entidades Locais, nin acharse inhabilitado para o exercicio de función públicas.

g) Non ser condenado/a por a comisión de delitos de natureza sexual que constan no Rexistro Central de Delinquentes Sexuais.

5.-INSTANCIAS E ADMISIÓN.

5.1. INSTANCIAS:

As instancias para tomar parte nas probas dirixiranse ao Sr. Alcalde e deberán ir acompañadas de:

- Copia do DNI.
- Copia da titulación de Grao en Traballo Social, ou título equivalente ou xustificante de aboar os dereitos para a súa expedición.
- Copia da documentación acreditativa dos méritos alegados.
- Copia do certificado do Celga 4 ou equivalente.
- Copia do carné de conducir tipo B.
- Certificado de Delitos de Natureza Sexual, en función do establecido na Lei Orgánica 1/1996, de Protección Xurídica do Menor, modificada pola lei 26/2015 e a Lei 45/2015.
- Declaración xurada segundo anexo III.

O prazo de presentación de instancias será de 20 días contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOE, prorrogándose ao primeiro día hábil seguinte se o prazo terminase en un día inhábil.. A súa presentación poderá facerse no Rexistro Xeral do Concello de Chantada ou, nas formas establecidas no art.16 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As Bases desta convocatoria publicaranse no BOP de Lugo ,na páxina web do Concello de Chantada e no taboleiro de anuncios.

5.2. ADMISIÓN:

1. Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará Resolución declarando aprobada a Lista Provisional de persoas admitidas e excluídas, así como as causas da súa exclusión, no seu caso. A Resolución publicarase na páxina web do Concello de Chantada e no taboleiro de anuncios.

2. Ao obxecto de emendar as causas que motivasen a súa exclusión ou omisión da citada lista, as persoas aspirantes dispoñerán dun prazo de tres días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da lista provisional na páxina web do Concello de Chantada e no taboleiro de anuncios, para que aleguen e presenten a documentación que ao seu dereito conveña.

3. Transcorrido o prazo de tres días hábiles para presentar alegacións, se non procedese corrección algunha, a Lista Provisional de persoas admitidas e excluídas elevarase a definitiva e a través dunha resolución concretarase o lugar, data e hora de realización dos exercicios, así como os membros do Tribunal de Selección. Esta Resolución publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Chantada.

4. Se procedese emendar solicitudes, ditarase Resolución na que se decidirá acerca das alegacións expostas polas persoas interesadas no procedemento, sobre a súa exclusión ou omisión na lista provisional, servindo a súa publicación como notificación a quen efectuase alegacións e na que se aprobará a lista Definitiva de persoas admitidas e excluídas. Así mesmo, nesta Resolución concretarase o lugar, data e hora de realización do exercicio, así como os membros do Tribunal de Selección. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Chantada.

5. A Resolución que eleve a Definitiva a Lista Provisional de persoas admitidas e excluídas ou a que aprobe as Listas Definitivas esgotará a vía administrativa. Contra a citada Resolución caberá interpoñer recurso de reposición, con carácter potestativo, no prazo dun MES desde o día seguinte ao da súa publicación, de acordo con os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo, no prazo de DOUS MESES desde o día seguinte ao da súa publicación, de acordo co previsto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativo, significándose que en caso de interpoñer recurso de reposición, non se poderá interpoñer o contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a desestimación presunta do mesmo, non podendo compaxinarse ambos os recursos.

6.-TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Constituirase por un número impar de membros, non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de membros suplentes. As persoas que compoñan o Tribunal deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á da praza convocada.

O procedemento de actuación axustarase en todo momento ao disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público; na Lei 19/2013, do 9 de novembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, e nas demais disposicións vixentes.

Corresponde ao Tribunal o desenvolvemento e a cualificación da proba selectiva, así como a consideración, verificación e apreciación das incidencias que puidesen xurdir na realización dos exercicios, debendo adoptar respecto diso as decisións motivadas que se estimen pertinentes.

O Tribunal deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e tenderá na súa composición á paridade entre mulleres e homes, en cumprimento do establecido no artigo 53 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a Igualdade efectiva de mulleres e homes, e no artigo 60.1 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro.

O persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino e o persoal eventual non poderá formar parte dos órganos de selección, sendo a pertenza ao mesmo a título individual, sen que poida ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

As persoas que formen parte do Tribunal están suxeitas aos supostos de abstención e recusación previstos nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, sen que tampouco poidan ser nomeadas como persoal colaborador ou asesor dos Tribunais quen realizase tarefas de preparación de aspirantes a cada unha das probas selectivas individualmente consideradas nos CINCO ANOS anteriores á publicación de cada convocatoria.

As persoas que formen parte dun Tribunal son responsables do estrito cumprimento das Bases da convocatoria e dos prazos establecidos legalmente.

Para a válida constitución do Tribunal, a efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza de quen ostente a Presidencia e a Secretaría ou, no seu caso, de quen lles substitúa, e a da metade, polo menos, dos seus membros.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación das presentes Bases, para decidir respecto a o non contemplado nas mesmas, así como para incorporar especialistas naquelas probas cuxo contido requira o asesoramento técnico dos mesmos, quen actuará con voz, pero sen voto. Tamén, poderá nomear persoal que colabore temporalmente no desenvolvemento do procedemento de selección, coas competencias de execución material e ordenación administrativa que lle atribúa o Tribunal e que exercerá as súas funcións de conformidade coas instrucións que este lle curse para o efecto

A. – PROCEDEMENTO SELECTIVO.

O sistema selectivo empregado será o concurso-oposición, no que a fase de oposición se realizará con carácter previo á fase de concurso e terá carácter eliminatorio.

1.- A FASE DE OPOSICIÓN constará de tres exercicios, un tipo test, un exame de preguntas cortas e outro de desenvolvemento dun caso práctico, todos eles de carácter obrigatorio e eliminatorio, sen prexuízo da proba específica de coñecemento de lingua galega, que só será obrigatoria para os/as aspirantes que non teñan acreditado estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requirido.

O exame tipo test, que terá unha puntuación máxima de 20 puntos, tendo que alcanzar 10 para enténdelo superado. O cuestionario será de 40 preguntas -que gardarán relación coas materias comprendidas no temario que figura no Anexo I, con catro respostas alternativas, sendo só unha delas a correcta. Haberá que responder 4 preguntas adicionais de reserva, que se valorarán no caso de que se anulen algunhas das 40 preguntas iniciais.

A duración do exercicio será de 60 minutos.

A puntuación calcularase de acordo cos seguintes criterios:

- Por cada resposta correcta outórganse 0,5 puntos.
- Por cada resposta incorrecta descontaranse 0,25 puntos.
- As respostas en branco ou nulas non puntuarán nin restarán.

O exame de preguntas cortas, que terá unha puntuación máxima de 10 puntos, tendo que alcanzar 5 para entendelo superado. O exame será de 5 preguntas -que gardarán relación coas materias comprendidas no temario que figura no Anexo I.

A duración do exercicio será de 45 minutos.

A puntuación calcularase de acordo cos seguintes criterios:

- Por cada resposta correcta outorgarase un valor máximo de 2 puntos.
- As respostas en branco non puntuarán nin restarán.

A proba práctica consistirá no desenvolvemento dun suposto práctico proposto polo tribunal nun tempo máximo de 60 minutos. Posteriormente realizarase a exposición oral do devandito caso práctico por orde alfabético, podéndose realizar preguntas relacionadas co caso. O exame práctico terá unha puntuación máxima de 40 puntos, tendo que alcanzar 20 para entendelo superado.

A fase de oposición terá unha puntuación total de 70 puntos, debendo obter un mínimo de 35 puntos para entendela superada, respectando en todo momento as puntuacións mínimas para superar cada exercicio individualmente.

O exame tipo test e o de preguntas cortas realizaranse no mesmo día e para o caso práctico establecerase con posterioridade o día e hora, unha vez que se publique a listaxe definitiva dos primeiros exercicios.

2.- PROBA DE GALEGO. Os/as aspirantes que non acrediten posuír o nivel de coñecemento de galego requirido deberán realizar unha proba que consistirá en traducir do castelán ao galego, nun tempo máximo de 30 minutos e sen axuda de dicionario, un texto facilitado polo Tribunal acorde ás características funcionais da vacante convocada. Os/as aspirantes serán cualificados como apto/a ou non apto/a; quedarán eliminados do proceso selectivo aqueles/as aspirantes que non acaden a cualificación de aptos.

Esta proba realizarase unha vez rematado o exame práctico.

3.- A FASE DE CONCURSO, que se puntuará cun máximo de 30 puntos, consistirá na valoración dos méritos indicados a continuación, xunto co sistema de baremación aplicable ao efecto, e tendo en conta, en todo caso, que os ditos méritos se valorarán con referencia á data de inicio do prazo de presentación de instancias/solicitudes de participación no proceso selectivo.

Puntuación da Experiencia profesional (Máximo 30 puntos):

- Por servizos prestados na Administración, entidade pública dependente da mesma ou empresa privada en prazos ou postos de traballo de idéntica ou similar categoría á do obxecto da convocatoria: 1,00 puntos por cada mes de servizo, ata un máximo de 30 puntos.

Forma de acreditar a experiencia: Informe de vida laboral actualizado. Certificación do secretario/a da Administración Pública correspondente que acredite a denominación da praza/posto/emprego, réxime xurídico, tipo de vinculación coa entidade, grupo/subgrupo ou titulación académica esixida no proceso selectivo e tempo de servizos prestados. Contrato de traballo. Si a documentación aportada non especificara claramente o posto de traballo desempeñado, se acompañará dun certificado que especifique a categoría e funcións do posto.

4. – CUALIFICACIÓN, RECLAMACIÓN E LISTA DEFINITIVA. Tras a celebración do exercicio tipo test e de preguntas cortas, publicarase na páxina web do Concello de Chantada a listaxe provisional de cualificacións. Contra a mesma, as persoas aspirantes poderán presentar reclamacións perante o propio órgano de selección dentro do prazo improrrogable de CINCO DÍAS NATURAIS desde o día seguinte á publicación da mencionada listaxe.

Estas reclamacións serán resoltas polo Tribunal na publicación da listaxe definitiva, xunto coa cualificación do exercicio, na páxina web do Concello de Chantada, sinalando as preguntas anuladas en virtude das impugnacións expostas, así como as que fosen anuladas de oficio polo Tribunal. Dita publicación servirá de notificación para todos os efectos a quen efectuase alegacións e a todas as persoas aspirantes en canto á cualificación obtida. As preguntas anuladas en ambos os casos, a instancia das persoas interesadas e/ou de oficio, serán substituídas polas de reserva ata que se esgoten.

Resolto o indicado no parágrafo anterior e trala celebración da proba práctica e de galego, publicarase na páxina web do Concello de Chantada a listaxe provisional de cualificacións. Contra a mesma, as persoas aspirantes poderán presentar reclamacións perante o propio órgano de selección dentro do prazo improrrogable de CINCO DÍAS NATURAIS desde o día seguinte á publicación da mencionada listaxe.

A puntuación final dos aspirantes será a suma da puntuación obtida na fase de oposición e na fase de concurso. O seu resultado será a puntuación global a ter en conta para a determinación da orde dos aspirantes que superaron o proceso selectivo.

En caso de empate, a orde establecerase atendendo á maior puntuación obtida na fase de oposición . En caso de empate primará o caso práctico , o exame de preguntas cortas e o test nese orde. De continuar o empate, primará a primeira letra do apelido empezando pola letra “V”, de conformidade coa orde establecida pola Resolución do 25 de xullo de 2024, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se publica o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración do Estado, pola que se publica o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración do Estado.

6. – PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS , CONTRATACIÓN E PERIODO DE PRUEBA

A persoa aspirante proposta aportará ante a Administración, dentro do prazo de CINCO DÍAS NATURAIS dende que se publique na páxina web do Concello de Chantada, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e os requisitos esixidos na convocatoria.

A persoa que dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior debidamente acreditados, non presentasen a documentación ou da mesma se puidese deducir que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, quedando anuladas todas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidera ter incorrido por falsidade na súa solicitude de participación. Neste caso pasarase a persoa candidata que obtivese a seguinte maior puntuación.

O órgano competente contratará a persoa proposta polo Tribunal de Selección, unha vez presentada a documentación. O período de prueba será de 6 meses. Realizarase un procedemento de avaliación continua ao longo do período de prueba. Antes da finalización deste período, a persoa responsable do departamento, presentará un informe motivado de avaliación . O aspirante que non supere o período de prueba, decaerá en todo dereito que

puidera ter adquirido, podendo ser chamado, por orden de puntuación, para a súa contratación o seguinte candidato que houbera superado todas as probas do proceso selectivo .

7. – DEFINICIÓN E FINALIDADE DA BOLSA DE EMPREGO.

1. Enténdese por Bolsa de Emprego un sistema de selección para a cobertura das necesidades temporais de persoal.

2. A selección de persoal e a creación da Bolsa de Emprego teñen como fin dotar ao Concello do persoal máis capacitado e preparado seguindo criterios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade nos casos considerados na Lei. Así mesmo ten como fin axilizar os procedementos de dotación de persoal en prol dunha maior eficacia dos Servizos Públicos.

3. A Bolsa está formada por unha lista ordenada en función da puntuación obtida no proceso selectivo.

A orde de chamamento dos aspirantes inscritos na bolsa neste Concello será por sistema rotativo. O chamamento aos candidatos efectuarase por orde de prelación, de maior a menor puntuación e de forma rotatoria até esgotar a bolsa, é dicir ata que non sexan todos os compoñentes nomeados, estes non poderán repetir. , agás que o período de contratación fora inferior a tres meses , nese suposto volverá causar alta na bolsa de emprego no posto da mesma que lle corresponda en relación cos puntos obtidos A renuncia a un posto de traballo ofertado suporá o pase do aspirante ao último lugar da bolsa de emprego, salvo que concorra una das seguintes circunstancias:

- Parto, baixa por maternidade ou situacións asimiladas.
- Enfermidade que impida a asistencia ao traballo, circunstancia que se acreditará mediante certificado médico oficial.
- Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.
- Ter en vigor un contrato de traballo noutra Entidade Pública ou privada.

4. De cada aspirante consignaranse o seu nome e apelidos, Documento Nacional de Identidade e puntuación obtida.

5. En ningún caso a mera pertenza á Bolsa implicará dereito ningún a obter nomeamento ou contrato laboral, garantíndose unicamente que, cando o Concello de Chantada considere conveniente a súa utilización, polos motivos expostos na base primeira, respectarase o procedemento de chamamento regulado nestas Bases. En todo caso, o Concello, de forma xustificada, poderá convocar “ex profeso” un proceso selectivo para cubrir postos vacantes ou contratos temporais, aínda que houbese constituída unha Bolsa de Emprego.

8. – RECURSOS.

No non previsto nestas Bases, estarase ao disposto na Lexislación aplicable prevista na Base primeira. Contra a resolución que aprobe as presentes bases, cabe alternativamente recurso de reposición potestativo ante a

Alcaldía deste Concello, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade cos arts. 112, 123 e 124 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas. Así mesmo poderase interpoñer directamente perante o xulgado do contencioso administrativo con competencia territorial recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte da devandita publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contenciosa Administrativa.

Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito o aspirante.

Contra as resolucións e cantos actos administrativos se deriven da actuación do Tribunal, e aqueles trámites que impidan continuar co procedemento ou produzan indefensión, poderán ser impugnados polos interesados no prazo dun mes desde que se ditou a resolución perante o Alcalde do Concello de Chantada, conforme ao disposto no art.121 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

ANEXO I (TEMARIO)

Materias comúns:

- 1.- A Constitución Española do 1978. Estrutura e contido esencial. A reforma constitucional.
- 2.- Dereitos e deberes fundamentais dos españois. A protección e suspensión dos dereitos fundamentais.
- 3.- A Coroa. Atribucións segundo a Constitución.
- 4.- Organización territorial do Estado. O Estatuto de Autonomía de Galicia. Competencias da Comunidade Autónoma.
- 5.- Dereito Administrativo. Fontes e xerarquía das normas.
- 6.- A Administración e a norma xurídica: o principio de legalidade.
- 7.- O Municipio. Concepto e elementos. O termo municipal. O empadramento.
- 8.- O municipio. Competencias e organización. Órganos de goberno e administración do municipio.
- 9.- A provincia. Organización Provincial. Deputacións.
- 10.- O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases. Requisitos: a motivación e forma.
- 11.- A eficacia dos actos administrativos.
- 12.- A notificación: contido, prazo e práctica. A notificación defectuosa. A publicación.
- 13.- A executividade dos actos administrativos. A coacción administrativa directa. A vía de feito.
- 14.- A invalidez do acto administrativo. Supostos de nulidade de pleno dereito e anulabilidade. O principio de conservación do acto administrativo. A revisión de actos e disposición pola propia Administración.
- 15.- A acción de nulidade, procedemento, límites. A declaración de lesividade. A revogación de actos. A rectificación de erros materiais ou de feito.
- 16.- Disposicións xerais sobre os procedementos administrativos e normas reguladoras dos distintos procedementos. As fases do procedemento administrativo.
- 17.- Recursos administrativos: principios xerais. Actos susceptibles de recurso administrativo. Regras xerais de tramitación dos recursos administrativos. Clases de recursos.
- 18.- O persoal ao servizo das Entidades Locais. Concepto e clases. Dereitos e deberes. Incompatibilidades.
- 19.- O orzamento das Entidades Locais. Documentos de que consta.
- 20.- Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- 21.- Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- 22.- O Concello de Chantada.

Materias específicas:

1. Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
2. Real Decreto 174/2011 polo que se aproba o baremo de valoración da situación de dependencia establecido pola Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

3. Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia
4. O Decreto 142/2023, do 21 de setembro, polo que se regulan o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos.
5. Lei 13/2018 de servizos sociais de Galicia.
6. Decreto 14/2019, do 31 de xaneiro, de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia
7. Plan concertado de prestacións básicas de Servizos Sociais. Concepto, programas básicos e compromisos. Administracións implicadas: cooperación e coordinación.
8. Decreto 99/2012 do 16 de marzo, polo que se regulan os Servizos Sociais Comunitarios e o seu financiamento.
9. Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o Servizo de Axuda no Fogar en Galicia.
10. Ordenanza reguladora do Servizo de Axuda no fogar do Concello de Chantada.
11. Orde do 1 de abril de 2013 pola que se aproba o modelo de informe social unificado para a área de dependencia, discapacidade e promoción da autonomía persoal e se aproba a súa utilización no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
12. Decreto 89/2016, do 30 de xuño, polo que se regula a creación, o uso e o acceso á historia social única electrónica.
13. O Código deontolóxico dos/as profesionais do traballo social: principios básicos e xerais e ámbito de aplicación.
14. Ferramentas informáticas para o traballo social: MATIASS, SIUSS, SIGAD.
15. Lei 13/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.
16. Guía para a detección do maltrato infantil da Xunta de Galicia.
17. Lei 2/2014, de 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
18. Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
19. Lei galega 11/2007, de 27 de xullo, para prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Protocolos de actuación, equipos, programas e recursos.
20. Ordenanza fiscal do servizo de axuda no fogar do Concello de Chantada.
21. Orde do 18 de agosto de 2000 pola que se aproba o estatuto básico dos centros de servizos sociais da Comunidade Autónoma de Galicia
22. O Programa xantar na casa e programa de teleasistencia domiciliaria.
23. Decreto 254/2011, de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais de Galicia
24. O acollemento familiar de persoas maiores.
25. Real Decreto 888/2022, de 18 de outubro, polo que se establece o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade.
26. O Decreto 40/2014, do 20 de marzo, polo que se crea a Axencia Galega de Servizos Sociais e se aproban os seus estatutos. O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.
27. O sistema español de Seguridade Social. Prestacións non contributivas. modalidades e requisitos.
28. A Lei 19/2021, do 20 de decembro, pola que se establece o ingreso mínimo vital (IMV): requisitos de acceso e a súa acreditación. As obrigas das persoas beneficiarias do IMV.
29. A Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Xuizamento Civil.
30. O Decreto 192/2015, do 29 de outubro, polo que se define a Carteira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia.
31. A Ordenanza municipal de emerxencia social do Concello de Chantada.
32. A Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria.

33. A Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia.
34. Decreto 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade: Disposicións xerais. Integración transversal do principio de igualdade nas actuacións da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Apoio á conciliación e á corresponsabilidade.
35. A acción social. Concepto e etapas históricas. Política social.
36. Fundamentos, principios e funcións do traballo social.
37. Proceso metodolóxico: aproximación á realidade social, formulación, planificación, programación, execución.
38. Modelos de intervención social.
39. Técnicas e Instrumentos de traballo social.
40. O traballo social no sistema de servizos sociais. Servizos sociais: concepto. Os servizos sociais e a Administración pública a nivel estatal, autonómico e local. Organización e competencias.
41. Os servizos sociais comunitarios. Natureza. Funcións. Programas e servizos sociais comunitarios básicos. Servizos sociais comunitarios específicos. Equipos técnicos e profesional de referencia.
42. Os servizos sociais especializados. Concepto. Competencias, organización. Servizos, prestacións, programas e equipamentos. As institucións e a relación coa sociedade. Intervención social en institucións residenciais.
43. Intervención social en infancia e adolescencia. Intervención social con familias: modelos de intervención familiar e diversidade familiar. Acollemento familiar. Adopción. Programas de actuación. Equipos do menor: composición, funcións e metodoloxía de intervención. Medidas de protección de menores.
44. Os malos tratos na infancia. Definición. Tipoloxía. Factores de risco. O proceso de intervención ante o maltrato infantil. Prevención, detección e tratamento social. Inadaptación social e conduta delituosa na adolescencia. Protocolo de actuación ante o maltrato infantil. Institucións para menores na Comunidade Autónoma. Problemática do menor institucionalizado.
45. A Convención sobre dereitos do neno: parte I. A protección dos dereitos da infancia e a adolescencia nas políticas europeas: a Recomendación da Comisión, do 20 de febreiro de 2013, “Investir na infancia: romper o ciclo das desvantaxes” e a Recomendación (UE) 2021/1004 do Consello do 14 de xuño de 2021 pola que se establece unha Garantía Infantil Europea.
46. Intervención coas mulleres en situación de vulnerabilidade. Violencia de xénero e violencia doméstica: definición. Políticas de igualdade en Galicia: recursos, organización administrativa.
47. Intervención social e discapacidade: discapacidade física, psíquica e sensorial. Necesidades sociais e recursos. Os dereitos das persoas con discapacidade: na Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, no texto refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real Decreto Legislativo 1/2013, do 29 de novembro, e na Estratexia Española sobre Discapacidade 2022-2030.
48. Intervención social coas persoas maiores: o traballo social coas persoas maiores, en institucións e na comunidade. Necesidades sociais e recursos. O idadismo e a discriminación das persoas maiores no exercicio dos seus dereitos. O maltrato nas persoas maiores: físico, psicolóxico, emocional. Actuación coordinada contra o maltrato de persoas maiores ou con discapacidade en Galicia.
49. Políticas de ámbito internacional e europeo en materia de envellecemento activo e saudable e coidados a longo prazo das persoas en situación de dependencia, con especial referencia: á Década do Envellecemento Saudable da Organización Mundial da Saúde (OMS), á Asociación Europea de Innovación sobre o Envellecemento Activo e Saudable (EIP sobre AHA), e á Recomendación do Consello do 8 de decembro de 2022 sobre o acceso a coidados de longa duración de alta calidade alcanzables.
50. Intervención social e condutas aditivas. A Estratexia Nacional sobre Adicións 2017-2024: problemas asociados ao consumo e ás conductas aditivas e o seu impacto social, obxectivos xerais, valores e principios reitores. O Plan de Trastornos Aditivos de Galicia: principios reitores, obxectivos xerais e liñas estratéxicas.
51. Intervención social e inclusión social: Pobreza e exclusión social: conceptos. Grupos de poboación vulnerables: necesidades sociais e recursos. A Estratexia de Inclusión Social de Galicia: eixos e obxectivos. A Estratexia Sectorial de Inclusión Social da Poboación Xitana en Galicia: obxectivos, ámbitos de intervención e medidas. O Plan de Atención de Persoas sen Fogar en Galicia 2019-2023: enfoque e principios, eixos e obxectivos.
52. O Pilar Europeo de Dereitos Sociais: capítulo III “Protección e Inclusión Social” e Plan de Acción. A inclusión como obxectivo da política social europea e do Fondo Social Europeo. As recomendacións das institucións da Unión Europea en materia de inclusión social: especial referencia á Recomendación da Comisión 2008/867/CE, do 3 de outubro de 2008, sobre a inclusión activa das persoas excluídas do mercado

laboral e á Recomendación do Consello do 30 de xaneiro de 2023 sobre unha renda mínima adecuada que procure a inclusión activa.

53. Intervención social e espazo sociosanitario. O Plan marco de atención sociosanitaria de Galicia: perfís de persoas con necesidades sanitarias e sociais e liñas de actuación. A Rede Galega de Atención Temprá e o Protocolo de coordinación, intervención e derivación interinstitucional en atención temprá.

54. O terceiro sector da acción social. Organizacións non gobernamentais. Concepto. Tipos. Sistema de financiamento. Organización e coordinación coas distintas administracións. As entidades prestadoras de servizos sociais. O rexistro unificado de entidades prestadoras de servizos sociais (RUEPSS).

55. Lei 8/2021, de 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación civil e procesal para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica.

56. Concepto de discapacidade, evolución histórica, marco lexislativo, necesidades e recursos.

57. Inmigración e retorno. Marco normativo. A integración social das persoas inmigrantes e emigrantes retornadas.

Chantada, 9 de abril de 2025.- O Alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

ANEXO II. MODELO DE INSTANCIA

D./D^a _____, con DNI núm. _____,
número/s de teléfono _____, con domicilio a efectos de notificación en

C.P. _____ Dirección de correo electrónico _____

EXPÓN:

Que, unha vez informado/a da convocatoria feita polo Concello de Chantada para cubrir, como persoal laboral fixo, unha praza sinalada cunha (X) e creación dunha bolsa de emprego:

☐ Traballador/Traballadora Social, Concello de Chantada.

Tendo en conta que reúne os requisitos previstos nas bases da convocatoria, solicita participar no proceso selectivo para o que achego a documentación sinalada cunha (X):

☐ Titulación esixida.

☐ Título de galego.

☐ DNI ou documento que proceda no suposto de estranxeiros.

☐ Carné de conducir.

☐ Certificado de Delitos de Natureza Sexual.

☐ Declaración responsable.

☐ Documentación acreditativa dos méritos alegados (vida laboral, contratos e certificado de servizos prestados)

En _____, a _____ de _____ de 2025.

O/A Solicitante,

Asdo. _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CHANTADA

ANEXO III. MODELO DE DECLARACIÓN XURADA

D./D^a _____, con DNI núm _____, número/s de teléfono _____, con domicilio a efectos de notificación en _____ C.P _____, e dirección de correo electrónico _____

DECLARA baixo xuramento ou promete, aos efectos de ser admitido/a no proceso selectivo na categoría de:



Traballador/Traballadora Social Concello de Chantada

convocado polo Concello de Chantada e, no seu caso, aos efectos da formalización do correspondente contrato de traballo, que:

A. Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No caso do persoal laboral, non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

B. Non atoparse incurso/a nas causas de incapacidade previstas na lexislación vixente.

C. Cumpro os requisitos esixidos na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

En _____, a _____ de _____ de 2025.

O/A Solicitante,

Asdo. _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CHANTADA

R. 0991

LOURENZÁ*Anuncio***Exposición pública do Padrón das Taxas polo Servizo de Subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga, coeficiente de vertedura e saneamento.**

Configurado pola empresa concesionaria do servizo de subministración domiciliar de auga potable e saneamento, o padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga, coeficiente de verteduras e saneamento, correspondente ao **1º trimestre de 2025**, o citado padrón estará a disposición do público durante 15 días a contar dende a data de publicación do presente anuncio no BOP na Oficina de ESPINA & DELFÍN, S.L. sita na rúa Ponte de Cuñas 11 (Recinto Feiral) en horario de 12:00 a 14:00 horas, os luns, mércores e xoves, e os días 9 e 28 laborais, para que os interesados poidan examinalo, e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas.

Contra os recibos que contén o padrón poderá formularse perante o Sr. Alcalde, o recurso de reposición previo ao contencioso - administrativo do artigo 14.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas Locais, no prazo dun mes que se contará dende o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón, nos termos previstos en dito precepto legal. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico - administrativa ante o órgano económico - administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49.7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Neste senso, a publicación no Boletín Oficial da Provincia deste anuncio, produce efectos: de notificación expresa ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria; e de anuncio de cobranza segundo o disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o regulamento xeral de recadación.

O pago poderá efectuarse nas oficinas da empresa ESPINA & DELFÍN, S.L. abertas ao público de 12:00 a 14:00 horas, os luns, mércores e xoves, e os días 9 e 28 laborais.

Transcorrido o período voluntario de pago establecido, ata o 04 de xullo de 2025, as débedas pendentes esixiranse pola vía de constrinximento coa recarga de prema, os xuros de mora e as custas que se produzan. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Lourenzá, 9 de abril de 2025.- O Alcalde en Funcións, Javier Huertas Otero.

R. 0992

VILALBA*Anuncio*

Para os efectos do establecido no art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e visto que en data 4 de abril do 2025 publicouse no BOP da provincia núm. 078 o texto íntegro para o seu coñecemento e efectos, expónse ó público durante o prazo de **30 días hábiles**, o expediente do **“Regulamento de uso da piscina climatizada e das piscinas exteriores municipais de Vilalba” (Expte. 715/2025)**, que se aprobou inicialmente polo **Concello Pleno**, na súa sesión ordinaria celebrada o día **27/03/2025**, ó obxecto de que os interesados poidan examinar o expediente e/ou presentar as reclamacións ou suxestións que estimen oportunas, que de ser o caso, haberán de dirixirse ó mesmo órgano que o aprobou, e entenderase elevado a definitivo se non se presentase ningunha.

Vilalba, 8 de abril de 2025.- A alcaldesa, Marta María Rouco Seoane.

R. 0993

CONSORCIO DE TURISMO RIBEIRA SACRA*Anuncio*

Resolución definitiva de presidencia de aprobación da listaxe de admitidos/as e excluídos/as no proceso de selección de dous Técnicos/-as en Turismo para o Consorcio de Turismo Ribeira Sacra ao amparo do PST RIBEIRA SACRA. COMPROMISO COA MOBILIDADE SOSTIBLE E MELLORA CONTINUA

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA

Luis Fernández Guitián, Presidente do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra, en relación ao proceso de selección de dous Técnicos/-as en Turismo para o Consorcio de Turismo Ribeira Sacra ao amparo do *PLAN DE SOSTIBILIDADE TURÍSTICA EN RIBEIRA SACRA. COMPROMISO COA MOBILIDADE SOSTIBLE E MELLORA CONTINUA*, en réxime de laboral,

Vistas as solicitudes presentadas e a documentación que as acompaña,

Transcorrido o prazo para a emenda de deficiencias na tramitación dos expedientes,

Vista a documentación presentada en resposta aos requirimentos notificados,

RESOLVO,

PRIMEIRO.- Aprobar a listaxe definitiva de admitidos/-as e excluídos/-as no proceso de selección de dous Técnicos/-as en Turismo para o Consorcio de Turismo Ribeira Sacra ao amparo do “Plan de Sostibilidade Turística en Ribeira Sacra. Compromiso coa Mobilidade Sostible e a Mellora Continua”, en réxime de laboral, conforme se recolle na seguinte táboa:

ADMITIDOS:

	APELLIDOS Y NOMBRE	D.N.I.	ESTADO
1	ENCABO GONZÁLEZ, BELÉN MARÍA	***601***	ADMITIDO/-A
2	SEOANE GONDELLE, YAGO	***523***	ADMITIDO/-A
3	RICO BOUZA, CRISTINA	***101***	ADMITIDO/-A
4	LAMPÓN LAMPÓN, RAMONA	***352***	ADMITIDO/-A
5	FERNÁNDEZ-COUTO TELLA, CONSTANZA	***610***	ADMITIDO/-A

EXCLUIDOS:

	APELIDOS E NOME	D.N.I.	ESTADO
1	CABALEIRO GARCÍA, ANA MARÍA	***745***	NON ACREDITA POSUIR O título académico que dá dereito a acudir á convocatoria
2	LÓPEZ MONTOYA, JUAN	***577***	EXCLUIDO/-A POR REQUIRIMENTO NON ATENDIDO

SEGUNDO.- Convocar aos/ás admitidos/-as para a realización da proba de aptitude o día **10 de abril de 2025, ás 10:00 horas, na sede administrativa do Consorcio de Turismo** (Casa do Concello de Nogueira de Ramuín, Estrada a Nogueira, 3, Luintra, Ourense).

TERCEIRO.- Convocar para a fase de entrevista ao/ás candidatos/-as que acaden o 60% de respostas correctas na proba de aptitude, unha vez concluída esta e a corrección das cuestións formuladas.

CUARTO.- Designar ao seguinte Tribunal para a contratación:

- **Presidencia:** Alexandra Seara Sobrino, Xerente do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra.
Suplente: Almudena Orjales Somoza, Diplomada en Turismo e Profesora de Educación Secundaria rama Turismo de Formación Profesional.
- **Vogal:** Diana Feijóo López, Técnico de Administración Local do Concello de Nogueira de Ramuín.
Suplente: Milagros Vázquez Ribas, Secretaria do Concello de Xunqueira de Ambía.
- **Vogal:** Paula Feijóo Calviño, Arquitecto Colexiada nº 3341 COAG Ourense.
Suplente: M^a Rosa Feijóo Calviño, Licenciada en Ciencias Empresariais.

- **Secretaria:** Secretaria-Interventora do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra.

QUINTO.- Ordenar a publicación da presente resolución nos Boletíns Oficiais das Provincias de Ourense e Lugo e na sede electrónica do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra.

Nogueira de Ramuín, 7 de abril de 2025.- O Presidente, Luis Fernández Guitián. A Secretaria-Interventora, María del Carmen Limia Fernández.

R. 0994
